



### XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. DIRECCIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

#### Resolución sobre corrección de erros no calendario laboral do ano 2025 para a Provincia de Lugo

O DECRETO 171/2024, do 8 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2025, recolle no artigo 2 o seguinte:

"Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da dirección territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no Diario Oficial de Galicia. "

Á vista do que antecede, esta Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ditou resolución pola que se daba publicidade aos festivos da Provincia de Lugo.

Unha vez publicada a resolución, o día 07/01/2025 o Concello de Meira remitiu un escrito no que comunican que cometeron un erro material na data dun festivo do seu municipio.

Á vista do anterior, esta Dirección Territorial RESOLVE:

Corrixir o festivo da festa local de Meira, quedando fixado o día 16/08/2025.

Non se producen cambios no outro festivo local, o martes de Entroido o día 04/03/2025.

Publicar o anuncio da corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 17 de xaneiro de 2025.- A directora territorial, Carmen José López Rodríguez.

R. 0126

### CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 17 de xaneiro de 2025, o Inventario de vías e camiños municipais; en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo - polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - e disposicións concordantes, exponse ó público na secretaría deste Concello, polo prazo de vinte días hábiles - que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia - a fin de que durante o mesmo, os interesados, poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as que se dirixirán ao Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

No suposto de non presentarse reclamacións o acordo inicial entenderase elevado a definitivo.

Begonte, 17 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 0127